Manuel Colmeiro (1901-1999) fue desde los años veinte uno de los pilares de la nueva pintura gallega, participando del movimiento de Os Novos (Maside, Souto, Laxeiro, Torres...). En este contexto su trabajo lo sitúa como uno de los protagonistas fundamentales de la particular versión de los realismos de entreguerras que se crea en Galicia.

Sobre todo a finales de los veinte y en los treinta, su arte refleja la toma de conciencia frente la a inestabilidad social y política. La expresión de esta inquietud –que non conoce fronteras en este tiempo- toma forma en un realismo que conglomera la tradición del arte gallego románico, barroco y popular y la inspiración en la vida real. Domina el tema agrario y popular desde una visión de carácter social. Destacan sus cuadros por la solidez de las figuras robustas, de una dignidad primitivista como Campesiña (1934, sección "Mater Gallaeciae"). El peso de los siglo de trabajo oscuro y de fuerza inflexible es magnificado en las curvaturas de los cuerpos (Faenas do campo, 1934, sección "Temática social"), signos del movimiento obligado por el labor agrario, iconografía común con Millet, Van Gogh o el Malévich neoprimitivista y cezanniano de inicios de la década de los diez, con quien Colmeiro comparte afinidades.

En Vagón (1930) la carga social es todavía más explícita al situarnos en un transporte de tercera clase, pero a diferencia del tratamiento de estos asuntos en la pintura finisecular, Colmeiro excede la simple mirada de compasión, adoptando una posición que lo liga directamente con los actores del drama, con quienes comparte un ansia de transformación social. La pintura recuerda el tema del famoso cuadro de Daumier El vagón de tercera (1862).

El artista, en su tratamiento de las figuras, está más interesado en el rol de sus personajes que en su carácter específico. La mujer, la Mater Gallaeciae, es en este sentido un valor referencial: Maternidade (1939); Mulleres e mar (1966). Las representaciones femeninas de Colmeiro poseen un hondo sentido arquetípico, que también aparece en las mujeres de Maside, Laxeiro y Seoane. El ideal, el símbolo de Galicia, es, entonces, una mujer campesina –como las vírgenes esculpidas del arte popular y medieval- parecido al que recoge para su arte, por ejemplo, Malévich en Ucrania y Rusia.

En el paisajismo Colmeiro desarrolla un proceso de estilización, producto de la contemplación estética de la realidad. Un ejemplo perfecto son las obras realizadas en los años treinta, de las que la Pinacoteca posee un excepcional ejemplo: Paisaxe (1934, sección "Sentimento da Terra"). Son óleos que muestran influencias diversas, pero con la indudable huella del paisajismo posimpresionista. El artista crea ritmos curvilíneos de contenido dinamismo, optando en general por reproducir un horizonte alto que subraya el plano pictórico.

Pero Colmeiro, en su búsqueda estilística, acude también a fuentes clasicistas, aspecto fundamental para entender la construcción y el equilibrio de sus escenas de figuras. Son obras que transmiten una consciencia de la condición moderna, en las que percibimos que el clasicismo no es una simple vuelta al pasado sino una reformulación del ideal clásico tamizado por una percepción muy ligada a la identidad gallega. En estas obras las fuentes cezannianas son fundamentales, y de ahí aprende el gallego la manera de situar la figura en el paisaje: Mulleres e paisaxe (1934); Mulleres e mar (1966). A esta lección va a permanecer siempre fiel e será base de sus fecundas e sutiles variaciones formales.

La Guerra Civil va a marcar un punto de inflexión vital y artístico en Colmeiro. El artista abandona Galicia y llega a Buenos Aires a comienzos de 1937. En América, la obra de Colmeiro participa de una de las grandes líneas temáticas que caracterizan el arte gallego en la diáspora, como es la ausencia de la Tierra, el exilio. Desarrolla temas recurrentes en su obra a lo largo de toda su vida y que se constituyen en una de las claves de toda su producción del exilio, en América y después en París: la evocación de la tierra dejada atrás y el universo femenino (Muller con floreiro, ca. 1956-60).

Pero el Colmeiro exiliado no solo vive de la memoria, sino que se inserta en el ambiente artístico argentino primero, y más tarde, a partir de 1948, en el parisino.

En París, donde se instala en 1948, los temas franceses serán las paisajes de la ciudad. Pero en estos años tendrá aún más importancia el nuevo contacto con la tierra natal, experiencia vital y artística vivificadora, que sin duda afirma sus convicciones formales y temáticas.

A partir de ese momento el conjunto de la obra de Colmeiro evidencia la absoluta coherencia de su proceso pictórico, fiel a los mismos principios figurativos y a los mismos motivos temáticos, que constituyen auténticas series. Percibimos la reelaboración de temas populares, haciendo confluir en simbiosis la figura humana, especialmente la mujer, con la tierra. Durante todos estos años dará una mayor primacía a los valores cromáticos y lumínicos, siempre desde la fidelidad a su mundo y a sus principios esenciales, como prueban obras como Panadeiras (1956-62) o Romaría (1960). Un proyecto creativo plenamente logrado que tiene como norte Galicia, referente y compromiso permanente a lo largo de toda su trayectoria vital, y de lo que la Pinacoteca Francisco Fernández del Riego del Museo Quiñones de León posee una notabilísima representación.

Organiza: Concello de Vigo / Comisario: Carlos L. Bernárdez
Coordinación: Andrea Serodio / Montaxe: Atica / Transporte: Artecom / Gráfica: Sixpress

COLMEIRO
OLLADAS Á COLECCIÓN

PINACOTECA
FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

CONCELLO DE VIGO

OLLADAS Á COLECCIÓN: COLMEIRO.

MANUEL COLMEIRO NA PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Manuel Colmeiro (1901-1999) foi desde os anos vinte un dos esteos da nova pintura galega, participando do movemento d'Os Novos (Maside, Souto, Laxeiro, Torres...). Neste contexto o seu traballo sitúao como un dos protagonistas fundamentais da particular versión dos realismos de entreguerras que se crea en Galiza.

Sobre todo a finais dos vinte e nos trinta, a súa arte reflicte a toma de consciencia perante a inestabilidade social e política. A expresión desta inquietude –que non coñece fronteiras nesta altura- toma forma nun realismo que conglomera a tradición da arte galega románica, barroca e popular e a inspiración na vida real. Domina o tema agrario e popular desde unha visión de carácter social. Destacan os seus cadros pola solidez das figuras robustas, dunha dignidade primitivista como Campesiña (1934, sección "Mater Gallaeciae"). O peso dos séculos de traballo escuro e de forza inflexíbel é magnificado nas curvaturas dos corpos (Faenas do campo, 1934, sección "Temática social"), signos do movemento obrigado polo labor agrario, iconografía común con Millet, Van Gogh ou o Malévich neoprimitivista e cezanniano de comezos da década dos dez, con quen Colmeiro comparte afinidades.

En Vagón (1930) a carga social é aínda máis explícita ao situarnos nun transporte de terceira clase, pero a diferenza do tratamento destes asuntos na pintura finisecular, Colmeiro excede o simple ollar de compaixón, adoptando unha posición que o liga directamente cos actores do drama, cos que comparte unha vontade de transformación social. A pintura lembra o tema do famoso cadro de Daumier O vagón de terceira (1862).

O artista, no seu tratamento das figuras, está máis interesado no rol dos seus personaxes que no seu carácter específico. A muller, a Mater Gallaeciae, é neste sentido un valor referencial: Maternidade (1939); Mulleres e mar (1966). As representacións femininas de Colmeiro posúen un fondo sentido arquetípico, que tamén aparece nas mulleres de Maside, Laxeiro e Seoane. O ideal, o símbolo de Galiza, é, daquela, unha muller labrega –como as virxes esculpidas da arte popular e medieval- semellante ao que recolle para a súa arte, por exemplo, Malévich en Ucraína e Rusia.

No paisaxismo Colmeiro desenvolve un proceso de estilización, produto da contemplación estética da realidade. Un exemplo perfecto son as obras realizadas nos anos trinta, das que a Pinacoteca posúe un excepcional exemplo: Paisaxe (1934, sección "Sentimento da Terra"). Son óleos que amosan influencias diversas, mais coa indubidábel pegada do paisaxismo posimpresionista. O artista crea ritmos curvilíneos de contido dinamismo, optando en xeral por reproducir un horizonte alto que salienta o plano pictórico.

Pero Colmeiro, na súa procura estilística, acode tamén ás fontes clasicistas, aspecto fundamental para entender a construción e o equilibrio das súas escenas de figuras. Son obras que transmiten unha consciencia da condición moderna, nas que percibimos que o clasicismo non é unha simple volta ao pasado senón unha reformulación do ideal clásico peneirado por unha percepción moi ligada á identidade galega. Nestas obras as fontes cezannianas son fundamentais, e de aí aprende o galego a maneira de situar a figura na paisaxe: Mulleres e paisaxe (1934); Mulleres e mar (1966). A esta lección vai permanecer sempre fiel e será alicerce das súas fecundas e sutís variacións formais.

A Guerra Civil vai marcar un punto de inflexión vital e artístico en Colmeiro. O artista abandona Galiza e chega a Bos Aires a comezos de 1937. En América, a obra de Colmeiro participa dunha das grandes liñas temáticas que caracterizan a arte galega na diáspora, como é a ausencia da Terra, o exilio. Desenvolve temas recorrentes na súa obra ao longo de toda a súa vida e que se constitúen nunha das chaves de toda a súa produción do exilio, en América e logo en París: a evocación da terra deixada atrás e o universo feminino (Muller con floreiro, ca. 1956-60).

Mais o Colmeiro exiliado non só vive da memoria, senón que se insire no ambiente artístico arxentino primeiro, e logo, a partir de 1948, no parisiense.

En París, onde se instala en 1948, os temas franceses serán as paisaxes da cidade. Pero nesta altura terá aínda máis importancia o novo contacto coa terra natal, experiencia vital e artística vivificadora, que sen dúbida o afirma nas convicciónns formais e temáticas.

A partir destes anos o conxunto da obra de Colmeiro evidencia a absoluta coherencia do seu proceso pictórico, fiel aos mesmos principios figurativos e aos mesmos motivos temáticos, que constitúen auténticas series. Percibimos a reelaboración de temas populares, facendo confluír en simbiose a figura humana, especialmente a muller, coa terra. Durante todos estes anos dará unha maior primacía aos valores cromáticos e lumínicos, sempre desde a fidelidade ao seu mundo e aos seus principios esenciais, como proban obras como Panadeiras (1956-62) ou Romaría (1960). Un proxecto creativo plenamente logrado que ten como norte Galiza, referente e compromiso permanente ao longo de toda a súa traxectoria vital, e do que a Pinacoteca Francisco Fernández del Riego do Museo Quiñones de León posúe unha notabilísima representación.

CARLOS L. BERNÁRDEZ
Comisario